



## **BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 29-05-2020.**

**Expte: 2020/G010/000006**

Na vila de Vimianzo, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e nove de maio de dous mil vinte, na sala de sesións da Casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ao obxecto de levar a cabo a sesión ordinaria convocada para este día.

Asisten os seguintes membros:

D. Mónica Rodríguez Ordóñez, alcaldesa- presidenta. (PSdeG-PSOE). (Presencial)

Concelleiros/as:

D. Victor Muíño Ramos. (PSdeG-PSOE). (Presencial)  
Dna. M<sup>a</sup>. José Pose Pérez. (PSdeG-PSOE). (Presencial)  
D. Miguel A. Pérez Méndez. (PSdeG-PSOE). (Presencial)  
Dna. Rosa Blanco Lema. (PSdeG-PSOE). (Presencial)  
D. Mario Andújar Mouzo. (PSdeG-PSOE). (Presencial)  
D. Manuel Antelo Pazos. (A.V). (Telemático).  
D<sup>a</sup>. Marta Rey Lema. (A.V). (Telemático).  
D<sup>a</sup>. María Jesús Barbeira Pose. (A.V). (Telemático).  
D. Eugenio Vidal Quintáns. (A.V). (Telemático).  
D. Francisco Trillo Pazos. (A.V). (Telemático).  
D<sup>a</sup>. Raquel Rodríguez Amigo. (PP). (Presencial).  
D. Francisco M. Calzas Suárez. (PP). (Presencial).

Secretario Xeral: D. Francisco Javier Novoa Juiz.

Interventora Xeral: D.<sup>a</sup> Lourdes Castro Pena

### **ORDE DO DÍ:**

#### **A) Sección resolutiva**

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2020.

2º. Ditame para a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+AD 2/2020).

3º. Ditame para a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+AD 1/2020).

4º. Ditame para a aprobación do expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario, expte 2020/CE/01.

5º. Ditame para a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 2020/SC/02, modalidade de suplemento de crédito



6º. Ditame para a aprobación inicial da derogación da Ordenanza fiscal núm. 16 que regula a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboados con finalidade lucrativa, publicada no BOP núm. 300, de data 31/12/2007.

7º. Ditame para a aprobación inicial da derogación da Ordenanza Fiscal núm. 13 que regula a taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións sitas en terreo de uso público e industrias, callexeiras e ambulantes, e rodaxe cinematográfico, publicada no BOP núm. 296 de data 28/12/1998.

## **B) Sección de control**

8º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia. De xeito expreso dar conta da Resolución da Alcaldía núm. 400/2020, do 28 de abril de 2020 referente á modificación de créditos 2020/SC/01. Suplemento de crédito.

9º. Dación de conta de asuntos económicos.

10º. Mocións de urxencia

11º. Rogos e preguntas.

Gárdase un minuto de silencio en honor das vítimas do COVID 19.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

### **1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2020.**

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación ás citadas actas.

Ao non manifestar ningunha observación sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria celebrada o 24 de abril de 2020.

### **2º.- Ditame para a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+AD 2/2020).**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión Informativa de Obras e Urbanismo celebrada o 26 de maio de 2020 que se reproduce a continuación:

#### ***"1. Proposta de ditame sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+AD2/2020).***

*Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de maio de 2020, que se transcribe literalmente:*

#### ***"PROPOSTA DA ALCALDÍA***

#### ***ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS+AD2/2020).***

*Tendo en conta a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 para a regulación do POS+Adicional1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente*



sostibles, publicada no BOP núm.56, do 05/05/2020, así como a circular sobre a aprobación da dita modificación, relativa ao POS+Adicional 2/2020 (RE20200000001697, de 04/05/2020), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 231.697,11 euros, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de obras e urbanismo, a seguinte proposta de ditame:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2020" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	22.065,74 €

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles:**

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
---	-	-	-
<b>TOTAL</b>	<b>--</b>	<b>--</b>	<b>-</b>

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	Financiamento dos investimentos		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Arranxo do pavimento interior no lugar de Novelle do Concello de Vimianzo	95.714,27 €	0,00 €	95.714,27 €
Arranxo do pavimento interior no lugar de A Carballa do Concello de Vimianzo	113.917,10 €	0,00 €	113.917,10 €
<b>TOTAL</b>	<b>209.631,37 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>209.631,37 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020 e que se relacionan nesta táboa.

**C ) Resumo:**

RESUMO POS+ADICIONAL 2/2020	Financiamento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Gastos correntes	22.065,74 €		
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	0,00 €	0,00 €	0,00 €
Investimentos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2020	209.631,37 €	0,00 €	209.631,37 €
<b>TOTAL</b>	<b>231.697,11 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>231.697,11 €</b>

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.



3.- *Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2020 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2020, se a houbera.*

4.- *Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.*

5.- *Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.*

6.- *Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*

7.- *Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*

*O que asino en Vimianzo,  
A Alcaldía  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)”*

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Alcaldesa explica que poderíanse incluír moitas obras neste Plan porque hai moitas que son necesarias pero que decidiron incluír estas obras nos núcleos de Novelle e A Carballa pola urxencia dado o estado das mesmas. Tamén explica que as obras están pensadas para que cando se realicen nun futuro canalizacións non sexa necesario tocar o firme; que non é un simple firme. Manifesta que son obras de futuro con conexións. Indícalle ao resto de grupos que se teñen algunha consulta que poden falar ao respecto deles.

O representante do partido popular indica que non vai facer ningunha manifestación. O portavoz do grupo municipal Adiante Vimianzo, Sr. Antelo Pazos, pon de manifesto que non coñecen os proxectos, que lle gustaría velos para poder falar sobre eles.

A Sra. Alcaldesa manifesta que tiña entendido que os tiñan e indica que dará aviso para que en canto acaben as comisións llos remitan.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Obras e Urbanismo, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa presidenta manifesta que son 231.000 euros aproximadamente para obras. Explica as cuantías do POS. Considera a necesidade de facer dous proxectos, Novelle e Carballa. Contempla unha rede de recollida de augas pluviais e residuais e se se remata pronto non será preciso dañar a pavimentación.

Refírese a que se poderían poñer moitos proxectos pero se puxeron estes polas necesidades percibidas.

Dña. Raquel Rodríguez dí que lle houbera gustado participar máis no POS pero veñen a construír e consideran que tódalas obras son importantes pero hai máis destinos importantes. Calquera obra é importante para eles.

Dña. Marta Rey confirma a súa vontade favorable ás obras previstas e non están en contra de ningunha obra.

Pásase á Votación do asunto que é aprobado por unanimidade dos seus membros presentes.



### 3º.- Ditame para a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+AD 1/2020).

A Alcaldesa presidenta comunica que hai dúas enmendas, unha escrita de A.V. e outra oral do seu grupo político co obxecto de repartir 40.000 euros con prudencia entre os puntos g) e h) da orde de concesión da subvención sendo 10.000 e 30.000 respectivamente.

Dna. Marta Rey explica que a enmenda recolle unha petición do PP e a consideran interesante. Estamos ante un momento complicado e necesario facer conciliación xa que é preciso que se ampare ós nenos xa que os pais traballan no mes de setembro.

Explica que non están en contra do gasto social, pero que o que se dixo desde o concello era que non había demanda polo que se propón ese cambio de 40.000 euros a favor dos servizos de conciliación. Xa que a deputación da Coruña propón esa liña hai que ter a sensibilidade de dar este servizo ás familias. Respetamos a opinión da interventora pero é unha decisión política. As familias non poden en moitos casos facer teletraballo e o servizo que se pretende e para maiores de 3 anos.

A Alcaldesa Presidenta non está en contra desa enmenda que ademais se comparte, pero é certo que por parte de intervención non se tiña claro, e se fixo a consulta á Deputación. Explica as cifras do apartado, 20.000 a emerxencia social e 20.000 a axudas escolares, apartado g). Reitera que non estamos en contra, pero que o apartado h) se destinene 40.000 euros pode dar problemas. Se fixo consulta á deputación e o problema é que non se sabe que familias son as de baixos ingresos. Por tanto, dí que a súa enmenda iría no sentido de deixar 10.000 para emerxencia social e 30.000 euros para o apartado h). Traslada que consultou datos e de 52 nenos a maioría traballan os pais pero non se trata de deixalo sen cobertura. 10.000 para o apartado g) e 30.000 para o apartado h).

Dna. Marta Rey acepta a modificación que se propón a súa enmenda presentada por escrito.

Dna. Raquel Rodríguez agradece ter en consideración os dous grupos a proposta do PP sendo unha necesidade urxente e esta satisfeita de estar nun pleno con consenso.

Votación da inclusión enmenda coa redacción proposta polo PsdeG- PSOE: Unanimidade a favor.

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Benestar Social celebrada o 26 de maio de 2020 e que se reproduce a continuación:

#### **"1. Proposta de ditame sobre a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS+AD 1/2020).**

*Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 26 de maio de 2020, que se transcribe literalmente:*

#### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

#### **ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS+AD1/2020).**

*Tendo en conta a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 para a regulación do POS+Adicional1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, publicada no BOP núm.56, do 05/05/2020, así como a circular sobre a aprobación da dita modificación, relativa ao POS+Adicional 1/2020 (RE20200000001696, de 04/05/2020), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello*



de Vimianzo ascende a 61.785,90 euros, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de ditame:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2020" da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	61.785,90 €
---	-------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19</b> <b>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020(A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
a)Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €
b)Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria	0,00 €	0,00 €	0,00 €
c)Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
d)Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados	0,00 €	0,00 €	0,00 €

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020(A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
e)Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario	0,00 €	0,00 €	0,00 €
f)Adquisición de medios de prevención (EPI).	21.785,90 €	0,00 €	21.785,90 €
g)Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.	40.000,00 €	0,00 €	40.000,00 €
h)Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesiten acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes	0,00 €	0,00 €	0,00 €
i)Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>T O T A L</b>	<b>61.785,80 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>61.785,80 €</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O que asino en Vimianzo,  
A Alcaldía  
Mónica Rodríguez Ordóñez  
(documento asinado electrónicamente)

Aberto a quenda de intervencións, a Sra. Alcaldesa explica que a través do Plan da Deputación destínanse a este concello 61.785,90 euros para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, que decidiron destinar a



partidas orzamentarias para a adquisición de medios de prevención EPIS así como ás familias, garantindo a cobertura das súas necesidades básicas.

Os representantes dos grupos municipais do PP e de Adiante Vimianzo, non fan manifestacións.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Benestar Social, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.

A proposta de acordo unha vez recollidas as emendas aprobadas queda do seguinte xeito:

**"ASUNTO: APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS+AD1/2020).**

Tendo en conta a modificación das Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020 para a regulación do POS+Adicional1/2020, para gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19, e do POS+Adicional 2/2020, para gastos correntes e investimentos financeiramente sostibles, publicada no BOP núm.56, do 05/05/2020, así como a circular sobre a aprobación da dita modificación, relativa ao POS+Adicional 1/2020 (RE20200000001696, de 04/05/2020), no que comunican que a cantidade total asignada ao Concello de Vimianzo ascende a 61.785,90 euros, esta Alcaldía eleva ao Pleno da Corporación, previo ditame preceptivo da comisión informativa de benestar social, a seguinte proposta de ditame:

1.- "Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 1/2020" da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19 con cargo a parte do superávit de operacións non financeiras (SONF) 2019 desta deputación, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención ou a Secretaría-Intervención do concello, segundo se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios derivados do COVID-19	<b>61.785,90 €</b>
---	--------------------

(Cubrir só os datos dos gastos aos que o concello aplique o financiamento con cargo a este Plan)

<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DO COVID-19 Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020 (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
a) Reforzo dos servizos de proximidade de carácter domiciliario para garantir os coidados, o apoio, a vinculación á contorna, a seguridade e a alimentación, especialmente os dirixidos a persoas maiores, con discapacidade ou en situación de dependencia	0,00 €	0,00 €	0,00 €



<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS</b>  <b>DERIVADOS DO COVID-19</b>  <b>Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020</b>  <b>(A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS</b>  <b>(B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
<i>b) Incremento e reforzo do funcionamento dos dispositivos de teleasistencia domiciliaria</i>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<i>c) Traslado ao ámbito domiciliario, cando sexa considerado necesario, dos servizos de rehabilitación, terapia ocupacional, servizos de hixiene, e outros similares.</i>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<i>d) Reforzo dos dispositivos de atención a persoas sen fogar, co persoal e medios materiais adecuados</i>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<i>e) Reforzo do persoal de centros de Servizos Sociais e centros residenciais no caso de que sexa necesario</i>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<i>f) Adquisición de medios de prevención (EPI).</i>	21.785,90 €	0,00 €	21.785,90 €
<i>g) Ampliación da dotación das partidas destinadas a garantir ingresos suficientes ás familias, para asegurar a cobertura das súas necesidades básicas, xa sexan estas de urxencia ou de inserción.</i>	10.000,00 €	0,00 €	10.000,00 €
<i>h) Reforzo con servizos e dispositivos adecuados, dos servizos de respiro a persoas cuidadoras e as medidas de conciliación para aquelas familias (especialmente monomarentales e monoparentais) que contan con baixos ingresos e necesitan acudir ao seu centro de traballo ou saír do seu domicilio por razóns xustificadas e/ou urxentes</i>	30.000,00 €	0,00 €	30.000,00 €



<b>GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS  DERIVADOS DO COVID-19  Prestacións artigo 1.2 RDL 8/2020</b>	<b>PREVISIÓN DE GASTOS 2020  (A)</b>	<b>ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS  (B)</b>	<b>ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)</b>
<i>i) Outros gastos imprescindibles e urxentes para atender a persoas especialmente vulnerables con motivo desta crise, que sexan debidamente xustificadas.</i>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>T O T A L</b>	<b>61.785,90</b>	0,00 €	<b>61.785,90</b>

2.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

A Alcaldesa -Presidenta explica brevemente e dá palabra.

Dña. Raquel Rodríguez traslada que entende que se poderan implementar as cantidades necesarias para poder paliar as demandas que vaian xurdindo.

Dña. Marta Rey reitera o dito e considera as medidas necesarias coa vontade de empezar a traballar para chegar a solucións.

A Alcaldesa Presidenta dí que hai que ser responsables e que cando as propostas son constructivas é bo para lograr o consenso. Isto non quita de que se añadiran axudas escolares xa que o próximo curso habera que axudar.

Explica como queda finalmente coa enmenda de 10.000 euro para o apartado g) e 30.000 euros para apartado h)

Pásase á Votación do asunto que é aprobado por unanimidade dos seus membros presentes.

**4º. Ditame para a aprobación do expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario, expte 2020/CE/01.**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 26 de maio de 2020 que se reproduce a continuación:

**“2. Proposta de ditame sobre a aprobación do expediente de modificación de créditos, na modalidade de crédito extraordinario, expte.2020/CE/01.**

*Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de maio de 2020, que se transcribe literalmente:*

**“PROPOSTA DE ACORDO**

*Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación, e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e*



contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, faise preciso a modificación de créditos 2020/CE/01 do Orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario financiado con cargo ao remanente líquido de tesouraría.

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esta Alcaldía propón a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Que se aprobe inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 2020/CE/01, na modalidade de crédito extraordinario, financiado con remanente de tesouraría para gastos xerais, para financiar os gastos de investimento seguintes:

- Proxecto de obra de "Mellora e ampliación da rúa Gándara entre a estrada AC 582 e o cruce Sansobre en Vimianzo", por importe de 216.816,04 €.
- Proxecto de obra de "Reparación e substitución de capa de rodadura estrada municipal entre Tines e a Piroga", por importe de 328.929,70 €.

Orzamento de gastos:

CAP.	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
6	Inversións reais	1.825.104,31	545.745,74	2.370.850,05

Orzamento de ingresos:

CAP.	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
8	Activos financeiros	547.256,19	545.745,74	1.093.001,93

**SEGUNDO.** Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Vimianzo, 19 de maio de 2020

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez"

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Alcaldesa indica que é a primeira modificación de crédito do ano 2020 para executar dous proxectos que estaban comprometidos que por un lado sería facer unha obra con calidade constructiva para a zona do "ideal", platéxanse beirarrúas, sobreanchos, pavimentación e canalizacións; que é unha obra importante que da acceso a moitos núcleos de concello e unha vía de conexión entre a vía de Vimianzo a zonas como Tedín, Rasamonde e Sansobre.

Por outro lado, sería o proxecto de Tines a Piroga, indica que é un proxecto que xa había do goberno anterior pero segundo consta en informes técnicos ten carencias e recomendacións de AXI, que se introducirían, facéndose máis drenaxe, fresado cun incremento importante, atender o problema dos bordillos e afectaría aos accesos de Tines e o enlace con Zas (incluíndo ambas marxes das beirarrúas, tuberías, desagües) e finaliza dicindo que son obras necesarias e urxentes.

O representante do PP, non manifesta nada ao respecto.

O portavoz do grupo municipal de Adiante Vimianzo, Sr. Antelo Pazos, indica que as obras son importantes e que como dixo a alcaldesa xa parte dun proxecto do goberno anterior pero que a outra parte non a coñece porque non tivo acceso aos proxectos.

A Sra. Alcaldesa manifesta que tiña entendido que os tiñan e indica que dará aviso para que en canto acaben as comisións llos remitan e que se queren reunirse antes do Pleno para falar deles non ten ningún inconveniente.



*Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo."*

A Alcaldesa Presidenta explica a necesidade facer obras sendo preciso financiar gastos de investimento, e xa se tiña un proxecto do anterior goberno pero tras facer consulta vimos que había carencias e había que corrixir con un incremento debendo recoller as advertencias técnicas.

A outra é moi importante, estamos ante unha obra moi transitada.

Dna. Raquel Rodríguez manifesta que se mantén na mesma postura do outro punto do POS, tódalas obras son necesarias e a levaban no seu programa. Quizás se esperaría a facer modificacións de crédito destinando ese diñeiro para axudas e pregunta se queda RLT para axudas a empresas e demáis porque entende que é primordial axudar ás persoas.

Dna. Marta Rey comparte o que dixo Raquel, quizáis non é momento de destiñar ás obras este diñeiro. É unha obra cun ano de retraso, e non se entende que neste momento de buscar axudas nos paremos nesta obra. O cambio máis significativo están dacordo pero se podía facer polos traballadores municipais e o resto poderíanse non incluírse no proxecto. O proxecto que no seu día presentaron era máis modesto pero non estaba incorrecto. Creen que as obras son necesarias pero non é o mellor momento.

A Alcaldesa Presidenta explica que hai moitas prioridades que están atendendo pero é necesario avanzar nos dous sentidos nos que se poida e estamos en tempo porque nos vimos obrigados a certas modificacións. O pequeno cambio que se manifesta no proxecto de Bamiro non é así, houbo que engadir moito fresado xa que habería problemas para a auga e continúa enumerando os defectos. A de Gandara de Osa é certo que había unha partida de 7.000 euros pero agora vexa como está todo e é carretera insuficiente en dimensións. Considera que esperar a ver que pasa non é o adecuado, estamos ante obras demandadas, non son de luxo, son necesarias e hai que activar sen perxuízo de que hai que seguir dando cobertura as reclamacións sociais. Pero hai que ser previsores e prudentes. Non se pode estar de brazos cruzados.

Dna. Raquel Rodríguez expresa que é necesaria a activación económica, só piden o compromiso de que non se queda sen diñeiro para atender as axudas a atender.

Dna. Marta Rey dí que non están en contra das obras, o que lle preocupa é o momento, non é certo que leven ano de retraso, estivemos esperando pola autorización de minas e por eso se aprobou, non polas eleccións. O que preocupa que se destinen eses cartos e queden desatendidas cuestións máis urxentes.

A Alcaldesa Presidenta reitera que hai que traballar polos veciños con responsabilidade. Non se pode esperar e non facer obras sempre actuando con prudencia.

Pásase á Votación do asunto que é aprobado por unanimidade dos seus membros presentes.

### **5º. Ditame para a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 2020/SC/02, modalidade de suplemento de crédito**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 26 de maio de 2020 que se reproduce a continuación:

**"5. Proposta de ditame sobre aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm.2020/SC/02, modalidade de suplemento de crédito.**

*Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de maio de 2020, que se transcribe literalmente:*



## “PROPOSTA DE ALCALDÍA

### ASUNTO: EXPEDIENTE NÚM. 2020/SC/02 DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON REMANENTE LIQUIDADADO DE TESOURERÍA

Visto que existen gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito no vixente Orzamento da Corporación e dado que se dispón de remanente líquido de Tesouraría segundo os estados financeiros e contables resultantes da liquidación do exercicio anterior, faise preciso a modificación de créditos concesión dun suplemento de crédito, 2020/SC/02 .

Visto que o informe de Intervención.

De conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, este Alcalde propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito 2020/SC/02, modalidade de suplemento de crédito, por importe total de 32.421,79 €, co seguinte detalle:

- Modificado do proxecto de obra “Reparación e mellora de firme, beiravías, cunetas, e bordos estrada municipal entre Carnio e Serramo”, por importe de 32.421,79 €

Orzamento de gastos:

CAP.	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
6	Inversións reais	1.825.104,31	32.421,79	1.857.526,10

Orzamento de ingresos:

CAP.	DESCRICIÓN	CONSIGNACIÓN INICIAL	MODIFICACIÓN	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
8	Activos financeiros	547.256,19	32.421,79	579.677,98

Segundo.- Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Vimianzo, 19 de maio de 2020

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez”

Aberta a quenda de intervencións, a Sra. Alcaldesa explica que durante a execución da obra de reparación e mellora de firme entre Carnio e Serramo víronse na obriga de reformar o proxecto facendo un incremento para poder deixar a obra ben rematada e en condicións dun firme regular e entenden que é mellor suplementar a obra segundo os informes da dirección facultativa.

O representante do PP e o portavoz do grupo municipal de Adiante Vimianzo, Sr. Antelo Pazos non manifestan nada ao respecto.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo.”

A Alcaldesa presidenta explica que de novo houbo proxecto en execución pero é preciso para rematar a obra facer un modificado con variación económica.



Dna. Raquel Rodríguez volve sobre os argumentos anteriores. Vamos seguir solicitando reunións periódicas.

Dna. Marta Rey dí que se fala dunha obra con moito retraso, e querrían saber os axustes deste proxecto. Se teñen moitas dúbidas respecto o retraso, ademáis esta obra a está a realizar unha empresa que non é a adxudicataria.

A Alcaldesa Presidenta dí que é unha obra que teñen que rematar, foi lenta por defectos e por climatoloxía e houbo que recoller cambios no proxecto. A medición non era a real do ancho da vida. Pero non se pode deixar a obra como está agora mesmo e é preciso deixar o firme en condicións e é pertinente dar cobertura presupuestaria como este suplemento de crédito.

A empresa adxudicataria solicitou unha subcontrata e está concedida.

Pásase á Votación do asunto que é aprobado por 8 votos a favor (6 do PsdeG-PSOE e 2 do PP), 5 abstencións de Adiante Vimianzo e ningún voto en contra.

**6º. Ditame para a aprobación inicial da derogación da Ordenanza fiscal núm. 16 que regula a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboados con finalidade lucrativa, publicada no BOP núm. 300, de data 31/12/2007.**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 26 de maio de 2020 que se reproduce a continuación:

**"3. Proposta de ditame sobre a aprobación inicial da derogación da Ordenza fiscal núm.16 que regula a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboadas con finalidade lucrativa, publicada no BOP núm.300, de data 31/12/2007.**

*Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 18 de maio de 2020, que se transcribe literalmente:*

**"PROPOSTA DE ACORDO:  
EXPTE TEDEC: 2020/X999/000215**

*Considerando que polas circunstancias económicas derivadas do Covid\_19 de crise para autónomos e pemes, e da necesidade de adaptar as Ordenanzas as novas esixencias sanitarias que esixe, así como o distanciamento social, resulta necesario proceder á derogación da Ordenanza fiscal núm. 16 que regula a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboados con finalidade lucrativa, publicada no BOP núm. 300 de data 31/12/2007*

*Considerando que emitiuse informe de Secretaría en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.*

*Considerando que emitiuse informe de Intervención en relación coas consecuencias da supresión da Taxa.*

*Realizada a tramitación legalmente establecida, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión informativa, a adopción do seguinte, **ACORDO,***

**PRIMEIRO.** *Aprobar inicialmente a derogación da Ordenanza fiscal núm. 16 que regula a taxa por ocupación de terreos de uso público local con mesas, cadeiras, tribunas e taboados con finalidade lucrativa, publicada no BOP núm. 300 de data 31/12/2007, polos seguintes motivos: dada a necesidade de paliar as consecuencias económicas derivadas do Covid\_19, e a necesidade de adaptar a regulación na materia as novas esixencias sanitarias, así como o distanciamento social que esixen novos protocolos de actuación.*



**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vimianzo, 18 de maio de 2020

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez"

Aberto o turno de intervencións, a Sra. Alcaldesa indica que a ordenanza está obsoleta e habería que adaptala á situación derivada do COVID-19 e que decidiron derogala e redatar unha nova ordenanza adecuada a realidade.

O representante do PP non manifestan nada ao respecto.

O portavoz do grupo municipal de Adiante Vimianzo, Sr. Antelo Pazos indica que é unha medida necesaria e que na practica non se viña aplicando.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo."

A Alcaldesa Presidenta explica que é unha ordenanza antiga e dados os novos protocolos é preciso aprobar esta derogación e aprobar unha nova ordenanza cando sexa preciso.

Dna. Raquel Rodríguez non traslada nada.

Dna. Marta Rey está dacordo xa que é inxusta porque a maioría sacan puntualmente e non se debería aplicar.

A Alcaldesa Presidenta está totalmente dacordo e se está ante un compromiso do concello permitindo os metros de ocupación gratuitamente sendo o noso verán moi corto.

Pásase á Votación do asunto que é aprobado por unanimidade dos seus membros presentes.

**7º. Ditame para a aprobación inicial da derogación da Ordenanza Fiscal núm. 13 que regula a taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións sitas en terreo de uso público e industrias, callexeiras e ambulantes, e rodaxe cinematográfico, publicada no BOP núm. 296 de data 28/12/1998.**

O Secretario da corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos celebrada o 26 de maio de 2020 que se reproduce a continuación:

**"4. Proposta de ditame sobre aprobación inicial da derogación da Ordenanza fiscal núm.13 que regula a taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións sitas en terreo de uso público e industrias callexeiras e ambulantes e rodaxe cinematográfico, publicada no BOP núm.296 de data 28/12/1998.**

Dase conta da proposta da Alcaldía, de data 21 de maio de 2020, que se transcribe literalmente:

**"PROPOSTA DE ACORDO:**

**EXPTE TEDEC: 2020/X999/000216**



Considerando que polas circunstancias económicas derivadas do Covid\_19 de crise para autónomos e pemes, e da necesidade de adaptar as Ordenanzas as novas esixencias sanitarias que esixe, así como o distanciamento social, resulta necesario proceder á derogación da ordenanza fiscal núm. 13 que regula a taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións sitas en terreo de uso público e industrias callexeiras e ambulantes e rodaxe cinematográfico, publicada no BOP núm. 296 de data 28/12/1998.

Considerando que emitiuse informe de Secretaría en relación coa lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

Considerando que emitiuse informe de Intervención en relación coas consecuencias da supresión da Taxa.

Realizada a tramitación legalmente establecida, propónse ao Pleno, previo ditame da Comisión informativa, a adopción do seguinte, **ACORDO**,

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a derogación da Ordenanza fiscal núm. 13 que regula a taxa por postos, barracas, casetas de venta, espectáculos ou atraccións sitas en terreo de uso público e industrias callexeiras e ambulantes e rodaxe cinematográfico, publicada no BOP núm. 296 de data 28/12/1998, polos seguintes motivos: dada a necesidade de paliar as consecuencias económicas derivadas do Covid\_19, e a necesidade de adaptar a regulación na materia as novas esixencias sanitarias, así como distanciamento social que esixen novos protocolos de actuación.

**SEGUNDO.** Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

**TERCEIRO.** Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Vimianzo, 18 de maio de 2020

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez"

Aberta quenda de intervencións, a Sra. Alcaldesa manifesta que non é o momento de cobrar e que e preciso redatar unha nova ordenanza que se adapte a realidade e o momento.

O representante do PP non manifestan nada ao respecto.

O portavoz do grupo municipal de Adiante Vimianzo, Sr. Antelo Pazos indica que se manifestan no mesmo sentido que no anterior punto.

Rematadas as intervencións e sometido o asunto a votación, a Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, por dous votos a favor do PSdeG-PSOE, tres abstencións (2 de Adiante Vimianzo e 1 do PP), e ningún voto en contra, ditaminou favorablemente a proposta de acordo."

A Alcaldesa Presidenta traslada que as circunstancias do mercado variaron buscando unha nova ubicación dada a imposibilidade de poder ocupar as superficies anteriores. Se adecuou outra zona con carácter provisional. Considera que non se deba facer un uso recaudatorio do mercado.





Dña. Raquel Rodríguez dí que están dacordo en quitar cargas nesta situación axudando a menguar o custo.

Dña. Marta Rey corrobora a súa vontade favorable para favorecer ó sector que é un revulviso económico. Manifesta a súa preocupación co cambio de ocupación.

A Alcaldesa Presidenta dí que estamos dacordo do revulviso económico pero falaba da alegría de celebrala. O compromiso e melloral pero agora tiñamos dúas opcións xa que hai medidas que cumprir. Se fixeron levantamentos topográficos porque o importante era ter cabido o 100 por 100 dos postos e na zona orixinal non se podía. A decisión provisional era non ter que seleccionar quen ven ou quen non. E por tanto para reactivar o negocio necesario levalo a zona nova provisional en base ós estudos económicos porque coas terrazas dos locais e 4 metros entre postos, non se podería facer. Sempre con informes técnicos.

Destaca que houbo consenso coa hostelería sen olvidar que estamos ante unha decisión provisional con consenso. É unha decisión razoable pero temos unha zona ampla e bonita coa casa de cultura, centro de saúde..e dase cabida a todos. Os protocolos non son de competencia do concello de Vimianzo. Manifestou esta preocupación nas reunións coa FEGAMP. Só había dúas opcións, ou non abrir ou volver xa. É unha medida por forza maior e o descontento no me chegou.

Pásase á Votación do asunto que é aprobado por unanimidade dos seus membros presentes.

## **B) Sección de control**

### **8º Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia. De xeito expreso dar conta da Resolución da Alcaldía núm. 400/2020, do 28 de abril de 2020 referente á modificación de créditos 2020/SC/01. Suplemento de crédito.**

O Secretario da conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptados desde o día 22-04-2020 con número 383/2020 ata o día 26-05-2020 con número 484/2020.

O Pleno do Concello douse por enterado.

O Secretario explica de xeito expreso a Resolución da Alcaldía núm. 400/2020, do 28 de abril de 2020, referente á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 2020/SC/01 na modalidade de suplemento de crédito

A convalidación desta Resolución é sometida a votación quedando convalidada por 6 votos a favor do PsdeG-PSOE, 7 abstencións (5 A.V. e 2 PP) e ningún voto en contra.

### **9º. Dación de conta de asuntos económicos.**

Explica a interventora dando conta das magnitudes que se remiten trimestralmente ao Ministerio, que se trata dos seguintes asuntos:

- Estado de execución do orzamento de 2020 correspondente ao 1º trimestre.

O Pleno do Concello douse por enterado.

### **10º. Mocións de urxencia**

Pregunta a Presidenta se hai algunha moción de urxencia.



Non hai.

### 11º. Rogos e preguntas.

Dna. Raquel Rodríguez roga transparencia total e absoluta e chegar a acordos para axudar. A Xunta de Portavoces ou un órgano de periodicidade ordinaria para sacar medidas.

Dna. Marta Rey únese ó rogo do PP. Solicitan poder chegar asuntos á Xunta de Portavoces. En preguntas, fai referencia á reunión cos feirantes e moitos se negan ó cambio de ubicación e se non veñen acábese a feira. Por que se optou por ese criterio habendo outras vías para utilizar.

A outra é relativo se co visto bo das verbenas, si será este criterio para as festas de agosto.

Desde o pleno de Xaneiro esperamos por saber o custo de navidad das luces do concello.

A Alcadesa Presidenta dí que agradece que comuniquen as reclamación dos veciños e propón unha xunta de portavoces na primeira semana do mes. Habería que fixar o día fixo cunha hora salvo imprevistos, está encantada co diálogo constructivo.

As facturas de Nadal se faran chegar, estamos cuha carga de traballo e se olvida pero se enviará. Non me preocupa este asunto. Foron datas especiais.

En relación coas verbenas, sabemos que hai eleccións e debemos ser prudentes, non temos protocolo ou instrucións, non me vou negar pero preciso instrucións e fixemos consultas a Xunta de Galicia, a Subdelegación...esperamos instrucións, non debemos ir por libre. É un tema de moito risco, non vou tomar ningunha decisión porque se a xente está preocupada por terrazas imaxinar nas festas. É a miña opinión persoal.

Respecto á feira, comentouse na última sesión da Xunta de Portavoces e o Sr. Antelo non tivo resposta. E este asunto quitounos o sono moitas noites, e sen olvidar á Policía e Evaristo e asuntos múltiples co fin de acoller á xente o tempo provisional sen saber canto tempo vai ser.

Hai xente que decide non sair polas circunstancias que son, e se falou coa hostelería e a Policía Local expuso dúas opcións con levantamento topográfico cos portais, terrazas e 4 metros con distancia entre postos. Faise un replanteo serio e técnico e vemos que máis arriba era unha conxestión e comparto que non hai feira sen feirantes e por iso fomos uns dos poucos que falamos cos feirantes. Hai que tomar decisións e a veces non é o ideal pero todo se fixo en base os estudos técnicos e non tódolos feirantes pensaban do mesmo xeito. Non é unha estratexia maquiavélica. Plantexaron de ir en contra das medidas protocolarias pero nos non podemos cambiar as medidas e desde o concello escoitouse as súas propostas pero a solución era a que foi salvo non facela.

Votouse na Casa de Cultura e todos votaron a favor e está a súa disposición os planos para recoller opcións para xerar o mínimo perxuízo e somos dos poucos concellos que colleron o 100% dos postos. Sempre houbo diálogo. De tódolos xeitos invito a suxerencias ou o que consideren.

Non é momento de facer política con esto e se aplicou estrictamente o protocolo que non depende do goberno de Vimianzo.

Sexamos responsables.

Agradecer o traballo do persoal que formou parte para reubicar a feira e ó noso equipo de goberno e especialmente á PL, evaristo e operarios de servizos múltiples. Somos os primeiros que abrimos a feira e non queremos ser utilizados no sentido de facer forza ante a Xunta de Galicia. Agradecer a comprensión da hostelería e veciñanza do Concello de Vimianzo.



Dar gracias os grupos políticos polo apoio recibido e traballar todos a unha.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 11:18 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto esta borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 29 de maio de 2020.

A Alcaldesa  
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral  
Francisco Javier Novoa Juiz